

## **PROCEDIMENTO PARA A ADXUDICACIÓN DE CUADRIMESTRES e GRUPOS (LICENCIATURA E GRAO)**

### **ANTECEDENTES de FEITO e de DEREITO**

**a)** Durante a impartición dos Planes de Estudo 620111/1994 e 620112/Adaptación 2000, conducentes á obtención do título de Licenciado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, en relación coas asignaturas cuadrimestrais dos mesmos se procedía a súa impartición nos dos cuadrimestres do curso académico. Para isto, unha vez matriculados os alumnos en ditas asignaturas, levábase a cabo unha división en catro grupos, do mesmo número de alumnos cada grupo, atendendo a un criterio alfabético, impartíndose a asignatura a dous grupos no primeiro cuadrimestre e a outros dous no segundo. Posteriormente, abríase un prazo para solicitar cambio de grupo para aqueles alumnos que por diferentes motivos o necesitasen.

**b)** A Memoria xeral de grao do título de Graduado en Ciencias da actividade física e do deporte pola Universidade da Coruña, aprobada nos órganos competentes da UDC, ANECA, Consello de Universidades e Xunta de Galicia (Págs.: 55 e seguintes), explicita os criterios de organización académica, que a continuación se recollen literalmente.

.....

#### 5. Planificación das ensinanzas

##### ESTRUCTURA XERAL

Optouse por unha estrutura de tipo global, que permite unha organización máis flexible con capacidade de resposta eficaz ante o análise dos logros de formación previstos, a través do uso de módulos. Os módulos, como unidades académicas que inclúen máis dunha asignatura, constitúen a unidade organizativa, tanto do propio plano de estudos como da súa mellor aplicación. Os módulos foron distribuídos a partir de criterios disciplinares, tanto cando se refire a materias básicas da rama principal e secundaria, como cando se refire a materias de coñecemento disciplinar básico (libro blanco).

O Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte da Universidade da Coruña constará de 240 créditos ECTS a cursar polo estudante, repartidos en 4 cursos académicos e unha oferta de 276. A partir da normativa da UDC, un crédito ECTS equivale a 25 horas de traballo do estudante, considerándose que un máximo de 10 horas serán de actividade presencial.

Tomando como referencia as directrices da UDC ("Carga docente do profesorado no sistema de créditos ECTS"), a carga docente de carácter presencial das asignaturas estará comprendida entre o 30 % e o 35 % do total de horas de cada crédito ECTS; polo tanto, todas as asignaturas do plano de estudos (na súa totalidade de 6 créditos), terán un número de horas presenciais de entre 42 e 54 (7 a 9 horas por crédito), según a súa natureza, exceptuando as do módulo Fundamentos dos Deportes que, polo seu contido práctico principalmente, podería ser de ata de 10 horas presenciais por crédito ECTS.

Seguindo estas directrices, a docencia presencial estará distribuída en grupos de diferente número de alumnos (60, 20 e 10 alumnos). Según o carácter da materia, as horas asignadas a cada grupo poden variar dependendo de que os contidos de cada materia sexan máis teóricos ou máis prácticos. No caso das asignaturas de contido e actividades eminentemente físico-corporais e deportivas, a docencia presencial impartirase en grupos medianos (20 / 30) e pequenos, excluíndose as metodoloxías docentes en grupo grande (lección maxistral).

A ensinanza estruturarase en módulos, materias e asignaturas. Os módulos defínense como unidades de aprendizaxe con obxetivos comúns, criterios de avaliación coherentes e agrupan materias ou asignaturas que se consideran relacionadas para a consecución de determinadas competencias. Aos módulos asignaráselle un mínimo de 12 créditos (de carácter obrigatorio ou optativo). As materias correspóndense con coñecementos científicos e divídense en asignaturas, podendo establecerse materias cunha única asignatura.

A estrutura das ensinanzas de Grao será cuadrimestral, distribuíndose en cada curso, sempre que sexa posible, a metade dos créditos en cada un dos seus cuadrimestres. A impartición de cada unha das asignaturas levarase a cabo preferentemente nos dous cuadrimestres, distribuíndose o grupo de alumnos en ambos cuadrimestres. Esta organización ten como finalidade a racionalización dos recursos, o mellor aproveitamento das actividades presenciais e non presenciais e, en definitiva, a calidade do plano de estudos.

**c)** A Xunta de Facultade do 11 de xuño de 2009 aprobou os criterios para a organización do P.D.A. 2009/2010, que se citan a continuación literalmente.

O encargo de docencia efectuado pola facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física está baseado no suposto de que a implantación dos estudos do Grao se realice nos catro cursos ao mesmo tempo, según se plantexa no plano de estudos pendente de aprobación pola ANECA. Neste senso e para poder garantir á continuidade no plano de estudos vivente a aqueles alumnos que así o decidan, é necesario tamen realizar o encargo de docencia para os catro últimos cursos da licenciatura, tendo en conta as seguintes consideracións:

- No encargo figuran todo os créditos das materias obrigatorias e de formación básica do grao.
- Dos 54 créditos optativos que compoñen o plano de estudos do grao ofértanse 42 créditos (24 en 3º e 18 en 4º curso), tendo en conta que son necesarios 18 créditos para rematar os estudos de grao e os alumnos xa pasan da licenciatura con materias optativas que poden adaptar.
- Encárgase docencia para todo os créditos de materias troncais e obrigatorias de 2º, 3º, 4º e 5º curso da licenciatura, e 72 créditos de materias optativas, repartidos do seguinte xeito: 18 créditos no primeiro ciclo e 54 no segundo ciclo.
- A docencia das materias troncais e obrigatorias da licenciatura con equivalencia directa de contidos coas do grao (todas menos tres), impartiranse de xeito conxunto e no mesmo horario, tamen nos dous cuadrimestres, para os alumnos do grao e da licenciatura.
- As materias optativas ofertadas na licenciatura (72 créditos) impartiranse cada unha nun cuadrimestre distinto (1º ou 2º).
- As materias troncais ou obrigatorias da licenciatura con contidos sen equivalencia directa no grao (620112403 Espazos e equipamentos lúdico deportivos; 620112502 Deporte e recreación e 620112505 Psicoloxía do adestramento deportivo) impartiranse só para os alumnos que decidiran permanecer nos estudos de licenciado (nun horario distinto).
- A efectos de POD do profesorado contaría, basicamente, a docencia encargada para o grao, a das tres asignaturas sen equivalencia de contidos e a das asignaturas optativas ofertadas na licenciatura no 2º ciclo.

## **PROCEDEMENTO PARA A ADXUDICACIÓN DE CUADRIMESTRES E GRUPOS (LICENCIATURA E GRAO):**

1.- Tal e como se aprobou en xunta de facultade de 09/06/2009, cada materia de formación básica e obrigatoria do grao, así como as troncais e obrigatorias da licenciatura (con materia equivalente no grao), impartiranse nos dous cuadrimestres cunha distribución equitativa por cuadrimestre dos alumnos matriculados.

2.- Os alumnos, o día de comenzo do curso, serán asignados por parte da facultade a dous grupos para a docencia expositiva (1 e 2) e a seis subgrupos para a docencia interactiva (A-B-C e D-E-F), según lle correspondan por orden alfabético do primeiro apelido.

3.- Dependendo do grupo que se lle asigne o alumno cursará cada unha das asignaturas no cuadrimestre que lle corresponda, según os horarios aprobados en xunta de facultade.

4.- Unha vez asignados os alumnos aos diferentes grupos, expoñeráse a información nos taboleiros de anuncios, establecéndose un período de 5 días hábiles onde o alumno poderá solicitar ao vicedecano de organización académica o cambio de grupo, mediante escrito debidamente xustificado que deberá entregar na secretaría académica do centro.

5.- Terán prioridade a solicitudes que se fagan mediante unha permuta con outro estudante do grupo de destino.

6.- Rematado o prazo de solicitude o vicedecano, previa consulta á Comisión de Garantía de Calidade, deberá respostar en 10 días hábiles ás solicitudes presentadas.

7º) Nun prazo de 5 días hábiles, a partir da notificación da decisión adoptada o alumno poderá presentar reclamación ante o decano da facultade, que lle comunicará a decisión final nun prazo de 5 días hábiles, contados a partir da recepción da reclamación.

8º) Có obxectivo de equilibrar os posibles desaxustes entre grupos, en calquer momento, a facultade poderá plantexar propostas de modificación dos mesmos, que deberán ser aprobados pola Comisión de Garantía de Calidade.

9º) No caso do 4º curso do grao e 5º da licenciatura, có obxectivo de completar a formación específica do alumno no ámbito do prácticum elexido, os grupos poderán establecerse en función do devandito ámbito.